

DANZA NO CLAUSTRO

WWW.SOLODOS.ES

FOTO MARCIA VÁZQUEZ / DANZA NO CLAUSTRO 2025 POR RUBÉN VILANOVA

26 XULLO 2026 / 20h A CASA VELLA
31 XULLO 2026 / 20h SANTO ESTEVO DE RIBAS DE SIL
1 AGOSTO 2026 / 20h SANTA MARÍA DE MELÓN
2 AGOSTO 2026 / 20h SANTA MARÍA DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO
7 AGOSTO 2026 / 20h REAL MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE OIA

www.danzanoclaustro.com



PROGRAMA



DANZA NO CLAUSTRO

PON EN VALOR O PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO A TRAVÉS DA DANZA

26 XULLO 2026/ A CASA VELLA

Colaboración Ciclo de Artes Vivas e Mediación A Casa Vella

SOSTENIENDO AUSENCIAS / TAMARA OTÁROLA / COSTA RICA

Creación e interpretación: Tamara Otárola. Obra seleccionada por RACE 2026 / Impulso á internacionalización do Taller Nacional de Danza de Costa Rica e SÓLODOS en RED 2026 e co apoio do Centro Cultural de España en Costa Rica.

É unha peza performativa que explora a fragilidade dos vínculos e a desconexión emocional na vida contemporánea. A través dunha linguaxe corporal poética e sensible, a obra examina a busca de permanencia e presenza nunha contorna definida pola sobreestimulación, convidando á reflexión sobre as formas en que habitamos o mundo.

Do 20 ao 26 Tamara Otárola é Artista en Residencia en A Casa Vella.

NOCTURNO / LARUMBE DANZA / MADRID

Intérpretes: Moisés González e Susy Rodríguez. Coreografía: Erick Jiménez e Maruxa Salas. Espazo sonoro: Glendon Ramírez. Espectáculo coproducido por Larumbe Danza e Danza no Claustro.

Esta peza explora a busca da identidade como unha viaxe tanto íntima coma colectiva. A través do movemento, os intérpretes transitan polo espazo entre a individualidade e a conexión, cuestionando os límites que separan o "eu" do "nós". A peza propón un diálogo constante entre a diferenza e a unidade, acadando finalmente unha fusión na que as identidades non desaparecen, senón que se transforman e conviven nun único corpo: unha única enerxía. No medio da quietude e o misterio da noite, NOCTURNO convidanos a descubrir que a verdadeira esencia pode xurdir cando o individual e o colectivo se abrazan.

MYRIAM GONZÁLEZ / TÁNGUELA / GALICIA

Creación e interpretación: Myriam González / Co-dirección: Julia Laport

TÁNGUELA é un solo de danza que explora a beleza dentro do roto. Un corpo que, ao deformarse, non encaixa nos patróns establecidos convértese no territorio dunha loita íntima: controlar o incontrolable, ordenar o que se escapa, buscar beleza nunha anatomía que se escapa do estándar nun intento desesperado de atopar o seu lugar. A peza indaga na tensión entre o descontrol e a necesidade de orde. Un espazo de doma do seu propio corpo. Perténzelle realmente a este lugar? A este corpo? A este estándar? TÁNGUELA formula unha pregunta esencial: cómo atopar beleza e identidade nun corpo que insiste en escorregar fóra das normas, fóra do normativo, fóra do esperado. Un corpo que, aínda roto e alienado, continúa buscando un lugar onde encaixar.

27, 28 e 29 XULLO 2026 / PROGRAMA DE FORMACIÓN DANZA NO CLAUSTRO

Co organizado con TICS ESPAZO DE FORMACIÓN

AIRE, MOVEMENT RESEARCH con TAMARA OTÁROLA

Un obradoiro de danza contemporánea centrado na investigación do movemento e na exploración do corpo desde o chan cara ao espazo. Traballaremos a través de ferramentas como floorwork, uso do peso, impulso e suspensión, explorando dinámicas espaciais que combinan secuencias de movemento, desprazamentos e transición entre diferentes niveis. O obxectivo será profundizar na fluidez, coordinación e dispoñibilidade corporal, potenciando a conexión entre a técnica, a intención artística e a expresión persoal a través do movemento.

31 XULLO, 1 e 2 AGOSTO 2026 / CLAUSTROS de SANTO ESTEVO DE RIBAS DE SIL SANTA MARÍA DE MELÓN e SANTA MARÍA DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO

PERPÉTUA / ALBA DE MIGUEL E MIGUEL GONZÁLEZ / CANARIAS - A RIOXA

Creación e interpretación: Alba de Miguel e Miguel González. Composición musical: _Aire. Video e material fotográfico: Sadé Visual. Acompañamento artístico: Laura Beschi, Isabela Rossi e Alessio Scandale. Agradecementos: CCR- Centro cultural Rioja, Concello de Logroño e Theaterhaus mitte Berlin.

PERPÉTUA é un dúo de danza contemporánea que reflexiona sobre os canons de beleza impostos pola sociedade actual e a negación do envellecemento. A peza inspírase no mundo da cosmética, un ámbito onde os corpos se venden, se corrixen e se consumen. A obra estrutúrase coma unha audición: dúas intérpretes soben ao escenario e amosan a súa mellor versión coa esperanza de seren aceptadas. Ao longo do seu percorrido físico, atravesan diversas fases nas que a estética e a autoimaxe cobran protagonismo, ata que faise evidente que ningún produto nin capa artificial, pode soste-la súa identidade. PERPÉTUA propón unha transición da aparencia á autenticidade, na que o corpo deixa de ser un obxecto e se afirma como presenza, revelando que o que realmente perdura non é a imaxe construída, senón a propia esencia.

JULIA LAPORT / EXTENDER COMO SI PUDIERA / GALICIA

Creación e interpretación: Julia Laport

Esta peza busca situar o corpo no límite. Colocarse no límite do corpo, na capa máis externa antes do outro. Extenderse coma se o meu corpo fose meu, coma se houbese algo máis, coma se puidese difuminar as marxes da pel para vivir na ilusión dun corpo sen límites.

PIES DE GALLINA / LUNA SÁNCHEZ e ANA MELERO / RED ACIELOABIERTO 2026 / ANDALUCIA

Creación e interpretación: Luna Sánchez e Ana Melero.

PIES DE GALLINA explora o vínculo entre dúas mulleres, onde o equilibrio entre sosternos e derrubarnos se converte no centro de gravidade do encontro. Inspirada nas expresións "ter a pel de galiña" e "camiñar con pés de chumbo", a peza indaga na tensión entre o sensorial e o racional, tecendo unha relación de apoio e vulnerabilidade entre os dous corpos. Celebra a paradoxa de ser unha para poder ser dúas.

SOSTENIENDO AUSENCIAS / TAMARA OTÁROLA / COSTA RICA

Creación e interpretación: Tamara Otárola. Obra seleccionada por RACE 2026 / Impulso á internacionalización do Taller Nacional de Danza de Costa Rica e SÓLODOS en RED 2026 e co apoio do Centro Cultural de España en Costa Rica.

SOSTENIENDO AUSENCIAS é unha peza performativa que explora a fragilidade dos vínculos e a desconexión emocional na vida contemporánea. A través dunha linguaxe corporal poética e sensible, a obra examina a busca de permanencia e presenza nunha contorna definida pola sobreestimulación, convidando á reflexión sobre as formas en que habitamos o mundo.

NOW - HERE MAN / ANDRÉS CORCHERO / CATALUÑA (Función Única 2 de Agosto)

Creación e interpretación: Andrés Corchero.

NOW - HERE MAN é unha peza en solitario que nace do desexo de bailar ao ritmo de cancións que —por motivos que non sabría explicar ben— evocan recordos, espertan emocións ou estimulan a miña mente e o meu corpo. Cancións que me fan rir, chorar, pensar e sentir profundamente... Cancións —moitas delas moi coñecidas— que transmiten emoción por si mesmas. Con NOW - HERE MAN, pretendo, mentres soa cada canción, unir e emocionar quen escoita e observa o meu corpo existir en movemento.



7 AGOSTO / REAL MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE OIA

NEXOS / CIA EXIRE / GALICIA

Creación e interpretación: Alba Fernández e Estefanía Gómez. Asesoramento Coreográfico: Chey Jurado.

NEXOS desvela a complicidade que existe entre dúas persoas, as súas memorias compartidas, a búsqueda incesante desa lembranza que as sostén ao longo do tempo. Recorrido por momentos que quedaron grabados no noso corpo e deixan ver a dous seres reais, imperfectos, peculiares, fermosos ...Soltamos o peso da mirada de outros e nos recoñecemos para decidir amosar o que escollimos ser. Ao fin e ao cabo gozamos de ser un mesmo, a única persoa coa que se está obrigado a vivir.

MOVER CENIZAS / SÓLODOS / GALICIA - COSTA RICA

Creación e Interpretación: Maruxa Salas e Erick Jiménez. Unha proposta artística inspirada na idea da «cinza» —como residuo do devastado, o desértico, e a poética do que queda, permanece e se transforma. Unha obra que nos convida a estar no momento presente da vida e a vivilo, a rexurdir, continuar e percorrer o camiño da vida.

A RAÍZ DE / DANIEL RODRÍGUEZ CIA / GALICIA

Creación e interpretación: Daniel Rodríguez.

O corpo, ese instrumento capaz de dar vida hoxe ás historias de onte e permitir que a tradición e a contemporaneidade dialoguen nun só ser, onde residen pasado e presente, para construír un discurso de futuro.

ORGANIZA: SÓLODOS. **DIRECCIÓN:** Erick Jiménez e Maruxa Salas. **PRODUCCIÓN:** Víctor López Carbajales. **VESTIARIO:** Adolfo Domínguez. **FOTO e VÍDEO:** Pablo Salas Fotógrafo e Pablo Vargas Unfried. **COA AXUDA DE:** INAEM - Ministerio de Cultura de España, Deputación de Ourense, Xunta de Galicia e Xacobeo 2027, Taller Nacional de Danza de Costa Rica, Ministerio de Cultura e Xuventude de Costa Rica, Centro Cultural de España en Costa Rica. **COLABORA:** Concello de Xunqueira de Espadanedo, Concello de Nogueira de Ramuín, Parador de Santo Estevo, Concello de Melón, Red Acieloabierto, Adolfo Domínguez, A Casa Vella, Fundación Bretón, Real Mosteiro de Santa Maria de Oia, Tics Espazo de Formación.